



XORNAL DO ENSINO GALEGO

nº1 - setembro 2019



**QUE  
NOS  
DEVOLVAN  
O NOSO  
HORARIO**





*XE. Xornal do Ensino Galego*

Número 1 - Outono de 2019

Edita: CIG-Ensino  
Santiago de Compostela

Coordinación: Executiva Federal,  
Comunicación CIG-Ensino

Deseño, maqueta e impresión:  
Sacauntos Cooperativa Gráfica  
www.sacauntos.com

Fotografía de capa:  
Renaud Leon

Fondo fotográfico:  
Alberte Peiteável  
Arquivo da CIG Ensino

Depósito Legal: C 1566-2019  
ISSN: 2695-2874

Tiraxe: 10.000 exemplares

Peche de edición:  
20 de xullo de 2019

## UNHA NOVA XANELA DE INFORMACIÓN

Comeza a andar con este primeiro número un proxecto lanzado pola CIG-Ensino para diversificar a nosa comunicación co profesorado galego e coa afiliación do sindicato en particular.

En tempos nos que o inmediato parece abafarnos e no que o ritmo de novidades, tanto no que ten a ver coas accións do sindicato como as propias novas de interese xeral, se suceden e propagan a diario, consideramos que era preciso achegar un novo formato, no que opinión, novidades destacadas, experiencias, crítica e achegas tivesen acollida con vontade de afondar en temas que non se consomen a golpe de clic senón que queremos que teñan difusión e continuidade.

XE conta cun deseño novo que porén parte da nosa tradición iconográfica e tipográfica. O cabezal creado pola cooperativa Sacauntos toma as abstractas formas das laudas de estola características do Reino da Gallaecia suevo, entanto a tipografía dos titulares, obra do vigués Rubén Prol, é unha actualización da nosa letra uncial feita no S.XXI. O dominio cromático ven dado pola tradición das imprentas que tan ben se adapta á nosa bandeira.

Este xornal buscará ser ese foco de difusión das novas máis relevantes do que acontece no panorama educativo galego desde a perspectiva sindical da CIG-Ensino. Un camiño que faremos da man dunha afiliación comprometida, sempre na defensa dun profesorado con dereitos e dun ensino público de calidade como referencia ●

## SUMARIO

03 — Editorial

04 — 18-21 horas: non hai excusas

08 — *Desbloqueamos as vacantes de secundaria no Concurso Xeral de Traslados*

09 — Profesorado interino e a fraude de lei

10 — *Atención á diversidade, cuestión prioritaria*

13 — O Correlingua cumpre 20 anos

14 — *Regulamentación das afíns*

14 — O pagamento do verán ao persoal substituto

15 — *A Xunta intenta baleirar as mesas de negociación*

16 — FP dual, esa gran mentira

20 — *As Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego*

22 — Todo en liña: presentación de partes de baixa e prestacións complementarias de MUFACE

23 — *Fondo social: mais axudas á discapacidade*

23 — Alén das 22 semanas: novos permisos por nacemento ou adopción de crianzas

24 — *A escola rural, abandonada pola Xunta*

27 — A CIG-Ensino no Congreso Nacional da FENPROF portuguesa

### OPINIÓN

06 — *Pensións públicas dignas*  
Anxo Louzao

12 — *10 anos de Queremos Galego*  
Marcos Maceiras

18 — *O gran fracaso educativo*  
Cibrán Arxibai

19 — *En galego*  
Marta Dacosta

26 — *9A 4M 2D*  
Duarte Correa

### APUNTAMENTOS DA AS-PG

25 — *Carvalho Calero e o binormativismo*  
Xosé Ramón Freixeiro Mato

### AOS OLLOS DE...

29 — *Ler en violeta*  
Montse Pena Presas

### RECURSOS DIDÁCTICOS

28 — *Cambiar o fóco: fagamos centros coeducativos*

28 — *Dun plumazo: material para traballar a diversidade LGTBQIA+ en primaria e secundaria*

### EXPERIENCIAS EDUCATIVAS

31 — *A igualdade sabe a sal: IES Ricardo Mella de Vigo*  
Maica Rivas

### HUMOR GRÁFICO

06, 19 — Pestinho

14 — Andrade





# SAN CAETANO

## APAGADO OU FÓRA DE COBERTURA



27 de setembro de 2019 Carme Pomar cumprirá un ano no cargo de conselleira de Educación. Recibiu unha consellería inerte e apagada durante o mandato do seu antecesor no cargo, despois dunha primeira fase do goberno do PP, coa figura do agora ex alcalde de Ourense, como ariete voraz e desmedido contra o profesorado, o ensino público e o noso idioma.

Na primeira e única toma de contacto que como sindicato maioritario no ensino público galego tivemos coa conselleira, a finais do mes de novembro de 2018, a titular amosouse máis interesada polas previsións das eleccións sindicais que estaban naquela altura ás portas que por dar resposta ás demandas que a CIG-Ensino lle trasladou para mellorar as condicións de traballo do profesorado e a propia calidade do ensino público.

Un ano despois estamos practicamente igual. A única novidade relevante foi que por vez primeira se produciu unha negociación real para desbloquear anos de paralización do concurso de traslados nos corpos de secundaria, cun resultado altamente positivo e no que o sindicato xogou un papel central. É probable que Feijóo ou quen o asesora pretenderan pechar a boca a todas as medidas urxentes que o persoal docente vén reclamando desde hai anos coa enganosa negociación "retributiva" pechada en falso cunha exigua minoría sindical. Agora saben que non é así. Nin houbo apoio a aquela farsa nin esquecemos o que move ao profesorado: a diminución do horario lectivo, a redución da carga burocrática, un verdadeiro apoio á diversidade, a democratización dos centros educativos, a redución das ratios, a estabilidade no posto de traballo ou o cese da normativa que proscribe o uso do noso idioma e que está a provocar que academos unha situación dramática de perda de falantes, con índices en infantil que deberían chamar a toda a sociedade, e a un goberno minimamente responsábel, sobre como facer fronte a unha situación límite.

San Caetano mantense un ano despois no búnker no que os diferentes altos cargos converteron a sede da Consellaría de Educación: alleo á realidade do profesorado, refractario ás críticas e demandas profesionais e sindicais e protexido por determinados medios de comunicación que parecen unha extensión do gabinete da señora conselleira.

O profesorado galego debe tomar a palabra e se San Caetano mantén as liñas de comunicación pechadas, debe pasar á acción e forzar un cambio de políticas educativas no país, tanto de carácter xeral como as que nos afectan directamente como traballadoras e traballadores da educación pública galega. Nese camiño a CIG-Ensino, como xa fixo durante esta longa e negra década de regresións e recortes de dereitos, promoverá a resposta e a mobilización contra o silencio e o desprezo ao profesorado galego. A recuperación do noso horario lectivo, de 18 horas en secundaria e 21 en infantil e primaria, debe ser o primeiro paso porque conxuga a devolución dos nosos dereitos, a mellora na atención ao noso alumnado e o aumento de postos de traballo. Loitar foi sempre o único camiño e nunca nos regalaram nada. Actuemos ●

Suso Bermello

Secretario nacional  
da CIG Ensino







*afirmaron que se abrirían negociacións en canto remataran os "motivos" da crise*

*non hai excusas nin razóns: que cumpran coa palabra e devolvan o roubado*

*Feijóo ten que escoller entre negociar ou a mobilización do profesorado*

**CI G**  
Federación Intersindical Galega  
**ENSINO**  
**sino público**





# 18-21 HORAS:

# NON HAI ESCUSAS

12.000 sinaturas recollidas en anteriores campañas avalan que a volta ás 18 horas lectivas semanais en Secundaria e ás 21 en Primaria, xunto coa redución de rateos, é unha das principais reivindicacións do profesorado. Porén, a Consellaría mantense no inmovilismo e na negativa a restituír este dereito.

Os anos 2011 e 2012 marcaron con especial incidencia a deriva na política de recortes do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado en relación co profesorado galego. Feijóo foi mesmo un adiantado á política marcada desde a rúa Xénova. Xa desde o inicio do goberno Feijóo, é especialmente desde a publicación das ordes que incrementaron o horario lectivo a 20 e 25 horas respectivamente ao profesorado de Secundaria e Infantil e Primaria, a CIG-Ensino promoveu diferentes mobilizacións e campañas que se encontraron de fronte coa maioría absoluta do PP no Parlamento galego e español e coa escusa da tormenta perfecta na que converteron a crise económica que foi empregada como un verdadeiro mantra para recortar salarios, dereitos e recursos na rede educativa pública.

O Real Decreto 14/2012, co que o PP de Rajoy fixou un horario mínimo en todo o Estado de 20 horas en Secundaria e 25 en Primaria, supuxo un salto cualitativo na recentralización política xa que a medida implicou a invasión de competencias propias de administracións autonómicas como a Xunta.

Despois da chegada de Sánchez á Moncloa producíronse varias reunións e encontros da ministra e altos cargos do Ministerio coa representación sindical con presenza na Mesa Sectorial do Estado, entre as que se atopa a CIG-Ensino. A posición do noso sindicato foi clara desde o primeiro momento: hai que devolver as competencias a quen llexitimamente lle corresponde exercelas, e en materia de persoal a Xunta foi e debe seguir sendo quen negocie, aprobe e lexisle sobre as condicións de traballo do seu persoal.

A proposta que saíu da Mesa de Madrid permitía, sen dúbidas nin escusas, ese marco galego de negociación, xa que retornaba os nosos horarios á situación previa ás normas de 2011 e 2012. A fragilidade do PSOE no Congreso e a maioría absoluta do PP no Senado permitiron que a dereita introduci- ra unha cláusula preparada para torpedear avances nas negociacións dos nosos horarios: introduciu unha referencia a un marco de financiamento adecuado e suficiente por parte da administración xeral do Estado.

## AS ESCUSAS TORPES DO GOBERNO GALEGO, PARTE DO XOGO DA DEREITA

A esta torpe escusa agarrouse o PP no Parlamento Galego para bloquear unha iniciativa unánime dos grupos da oposición para recuperar xa as 18 e 21 horas lectivas. E dicimos que a escusa é torpe porque parte dunha falacia de tal calibre que dá vergoña allea. Pretender que o Estado teña que costear total ou parcialmente os efectos da recuperación do noso horario lectivo (basicamente a ampliación dos cadros de persoal para poder atender a redución de horario) é un desprezo á intelixencia

non xa do profesorado senón de calquera persoa. A Xunta recortou os cadros de persoal, especialmente nos centros de secundaria e réxime especial, minorando dunha maneira destacada os orzamentos destinados a pagar os salarios do persoal docente, mais esa diferenza, evidentemente, non lle foi "retornada" ao goberno central porque a xestión do persoal docente é exclusiva da Xunta.

Jesús Vázquez, o tristemente lembrado executor dos principais recortes ao ensino público e o seu profesorado no primeiro goberno Feijóo, gabábase publicamente de que o incremento horario ía supor 60.000 horas de docencia que se aforraba, unha cifra que por suposto nunca foi contrastada nin demostrada. Que foi deses cartos? Devolveunos? Derivounos para outras partidas como as subvencións a medios privados de comunicación?

## NON HAI ESCUSAS NIN RAZÓN: QUE CUMPRAN COA PALABRA E DEVOLVAN O ROUBADO

O argumentario do PP cae polo seu propio peso e é tempo de que dean cumprimento ao que afirmaron no Parlamento Galego cando tiraron abaixo a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) promovida pola CIG-Ensino entre 2014 e 2015: que se abrirían negociacións en canto remataran os "motivos" da crise. Estamos xa noutro momento, con independencia da nosa valoración do que había realmente detrás da estafa da crise financeira, e temos dereito a recuperar o noso horario.

Por iso desde a CIG-Ensino non descansamos e rematamos o curso escolar igual que o comezamos: poñendo o acento, entre outros temas, na redución do noso horario lectivo. Así foi como pechamos o 2018/19: cunha concentración de delegados e delegadas da CIG-Ensino diante da Consellaría de Educación en San Caetano para esixir a convocatoria dunha Mesa Sectorial co fin de negociar a recuperación do horario lectivo.


## A CIG-ENSINO CHAMARÁ AO PROFESORADO A SE MOBILIZAR NO PRESENTE CURSO

Toda e todos sabemos que quen dita a política educativa en Galiza é o propio Feijóo e é a el ao que lle corresponde restituírnos un dereito que nos foi roubado. Acabouse o tempo das escusas. O goberno galego e Feijóo especialmente ten que decidir se este é o tempo da negociación ou da mobilización do profesorado.

O curso rematou coa negativa da conselleira a negociar, nun momento no que xa varias CC.AA. aprobaron a devolución das 18 horas en secundaria e noutras están moi avanzadas. O curso 2019/20 comezará cunha acción sindical da CIG-Ensino claramente dirixida a recuperar este dereito. Tócalle a Feijóo mover ficha. O profesorado vai responder se a opción do presidente é o desprezo, con mobilizacións e con folga se é preciso ●






 dereito de todos e todas a unha pensión digna é inherente a todo sistema democrático que procure o benestar social pleno. Soamente o Estado pode e debe ter a finalidade de garantir este dereito fundamental de protección social, mediante un sistema de pensións público e universal. A posta en tea de xuízo da viabilidade do sistema de pensións público aséntase no suculeto negocio que supón para o capital financeiro e compañías de seguros os plans de pensión privados. Negocio que supera no Estado Español os 113.111 millóns de euros (datos do 2013) e que ten como obxectivo aumentar estes fondos até os 600.000 millóns. Esta é a razón das permanentes campañas dos medios de comunicación, os discursos apocalípticos dos opinadores do sistema e a creación de comités de expertos ad hoc. Todos eles ao servizo do capital para ir creando un estado de opinión que conduza aos traballadores e traballadoras a subscribir un fondo de pensións. Sen considerar que o 65% dos asalariados e asalariadas galegas non chegan ao Salario Mínimo Interprofesional e en consecuencia están imposibilitados de ter un plan de pensión privado e si condenados a ter a unha pensión de miseria. Trátase de ir agrandando as desigualdades sociais, lexislar baixo os intereses da oligarquía e apostar por un sistema inxusto en lugar de ir construíndo unha sociedade que redistribúa a riqueza para ser máis igualitaria e solidaria.

A CIG leva anos mobilizándose e activando diferentes accións consciente de que o capital pretende debilitar, cada vez máis, o sistema público de pensións. O último golpe letal concretouse na reforma de 2011, feita polo goberno do PSOE, co aval da CEDE, CCOO e UGT e que a CIG combateu convocando, en solitario, unha folga xeral en Galiza. Esta reforma, entre outras cuestións, ampliou a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos, acrecentou de 15 a 25 os anos necesarios para calcular a base reguladora que establece a contía da pensión, aumentou de 35 a 37 os anos cotizados para cobrar o 100% da base reguladora e creou o factor de sustentabilidade, mediante o cal se vincula a contía da pensión á esperanza de vida. Agora, ante as mobilizacións, CCOO e UGT pretenden enmascarar a súa complicidade con declaracións e actuacións que contradín des-



**Carme** é mestra funcionaria de carreira desde antes do 2010. Vaise poder xubilarse co 100% da pensión aos **60 anos** e 35 anos de servizo.



**Margarida**, que aprobou as oposicións no 2011, malia traballar os mesmos 35 anos que Carme vai ter que agardar até os **67 anos** para se xubilarse.

caradamente a súa práctica. Non só non dubidaron en referendar a reforma das pensións senón que asinaron coa patronal, nos acordos estatais de negociación colectiva, o compromiso de trasladar as empresas plans de pensións privados a conta de parte do salario das traballadoras e traballadores. A aposta real destes sindicatos por fortalecer as pensións privadas ten a súa expresión na creación, conxuntamente co BBVA, dunha empresa para xestionar fondos de pensións. Esta é a verdadeira faciana de CCOO e UGT, o demais é pura propaganda e oportunismo.

Os efectos das reformas laborais e da crise económica agudizaron a precariedade laboral e condenaron á pobreza a moitas persoas, reducindo até o 30 % os ingresos por cotizacións á seguridade social. A precariedade é tan extrema e os salarios tan baixos que, no ano 2017, cun número semellante

HUMOR GRÁFICO: PESTINHO



*o que está  
en xogo é  
o futuro das  
pensións  
públicas*





# PENSIÓNS PÚBLICAS DIGNAS

## DEREITO FUNDAMENTAL PARA TODAS E TODOS

de cotizantes que no 2011, a seguridade social ingresou 8.900 millóns de euros menos. A causa real do actual desaxuste da caixa da seguridade social vén dada pola falta de ingresos e non pólus gastos. O gasto en pensións do Estado español (10,7 % en relación ao PIB) é o 1,5% menor que a media da Eurozona. Por tanto, é necesario un cambio radical nas políticas sociais e laborais para asegurar unhas pensións públicas dignas. Protección social que o Estado ten que garantir coa suficiencia económica como fai con outros dereitos fundamentais. Urxe, por tanto, recuperar todos dereitos, derrogar a reforma laboral e a das pensións para equiparar a pensión mínima ao salario medio anual; revalorizar as pensións, cada ano, como mínimo, igual ao IPC real; establecer a xubilación ordinaria aos 65 anos; calcular a pensión en base ás cotizacións de 10 anos escollidos pola traballadora; crear emprego estábel e de calidade; erradicar a precariedade e fixar uns salarios xustos. Máis, tamén, establecer unha política fiscal radicalmente distinta, alicerzada na progresividade impositiva, na erradicación do fraude fiscal, na eliminación dos paraísos fiscais, na supresión dos topes máximos de cotización á seguridade social e na eliminación das desgravacións fiscais aos plans de pensións.

É preciso e necesario termos un sistema público galego de seguranza social e un sistema fiscal propio que desmonte a

falsidade de sermos subsidiados e deficitarios en recursos para pagar as pensións. Compre esixir todas as competencias e fixar unha normativa que contemple, entre outras, a circunstancia de que máis de 350.000 galegos e galegas foron emigrantes polo Estado español, cotizando á Seguridade Social fóra de Galiza. Moitos volven definitivamente como xubilados ao País, mais a súa pensión contemplase como unha transferencia, o que contribúe en máis de 700 millóns de euros ao déficit das pensións galegas. Mais, tampouco se considera que cada vez son máis as empresas que, cos centros de traballo en Galiza e con máis de 175.000 asalariados, pagan máis de 900 millóns de euros de impostos e cotizacións sociais en Madrid. Unicamente por ter a sede central alí. Comportamento propio de prácticas coloniais e dun desenvolvemento desigual e centralista, no cal Galiza é a grande prexudicada. Galiza ten as segundas pensións máis baixas do Estado, están 15 puntos por baixo da media e o 65% das pensións non chegan ao SMI. Razóns máis que suficientes para esixir o traspaso da xestión do Réxime da Seguridade Social.

O que está en xogo é o futuro das pensións públicas. A súa defensa convértese nun tema fulcral para o conxunto da sociedade e non só para as pensionistas. Cómpre seguir na batalla para derrogar a reforma laboral e a reforma das pensións e conquistar os dereitos arrebatados. Para a CIG, non se trata só de actualizar as pensións segundo o IPC, senón dunha loita para consolidar o dereito universal a unha pensión pública digna que o Estado ten que garantir mediante os orzamentos, máis alá dos vaivéns que poda ter a caixa da Seguridade Social. Nesta loita estamos e continuaremos ●




**Anxo Louzao**

Ex secretario nacional da CIG-Ensino.  
Membro da Coordinadora Nacional do Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG.



# DESBLOQUEAMOS AS VACANTES DE SECUNDARIA NO CONCURSO XERAL DE TRASLADOS

 O CXT de 2019 pódese cualificar como histórico, tanto polo número de prazas ofertadas como por conseguir unha negociación real e frutífera das vacantes. Desde a CIG-Ensino logramos que aflorasen máis de 1800 vacantes de secundaria para o Concurso Xeral de Traslados (CXT), o que supón un cambio fundamental despois de anos de ocultación de prazas.

O primeiro paso para este logro foi conseguir que as negociacións foran coa Subdirección Xeral de Recursos Humanos e o segundo conseguir a implicación de todos os centros galegos de secundaria de cara a detectar as vacantes existentes.

Importante foi eliminar da ecuación das negociacións as xefaturas territoriais e lograr un estudo real das necesidades dos centros. Na CIG-Ensino, desde que avistamos a posibilidade de lograr o primeiro puxemos toda a carne no asador para facer un estudo real de todas as vacantes existentes nos centros de secundaria galegos.

E este traballo, levado a cabo pola CIG-Ensino en colaboración cos centros, foi a base da negociación coa Consellaría e cando dicimos a base non esaxeramos o máis mínimo: foi a propia base de datos elaborada pola CIG-Ensino a que usou a Consellaría como documento base de traballo.

Para a realización do estudo previo ás negociacións visitáronse todos os centros de secundaria do país analizando cos equipos directivos e coa afiliación a diferenza entre as vacantes do CXT e as que ano tras ano saían no Concurso de Adjudicación de Destinos Provisionais (CADP).

Con este traballo feito chegamos ás negociacións cunha administración que, sorprendentemente, estaba disposta a sacar á luz todas as vacantes necesarias que superasen, de ser a primeira vacante do centro, as 14 horas (contando nestas horas as reducións por xefatura de departamento) e a segunda e seguintes con 34 horas, abríndose a excepcións para centros dunha liña, departamentos unipersoais e especialidades con dificultades para lograr destinos definitivos.

Á hora de contabilizar as horas tivéronse en conta as horas


das áreas troncais, específicas, de configuración autonómica, de valores éticos, de PMAR, de desdobres, de reforzos — é dicir todas as horas reais que se están impartindo nos centros.

O resultado salta á vista na adjudicación de destinos. Hai moitas especialidades nas que obtivo destino funcionariado en prácticas e algunhas pasaron de ter profesorado que levaba máis dunha década en expectativa a que só quede sen colocar unha parte de quen aínda está en prácticas.

Na CIG-Ensino pretendemos que isto non sexa un espellismo dun só ano e por iso solicitamos na mesa de negociación que se incluíran na acta da reunión os criterios empregados pola administración para determinar as prazas convocadas no concurso.

A administración así o fixo e a acta final da comisión técnica foi remitida desde os servizos centrais ás xefaturas territoriais como guía para as vacantes de anos posteriores. O documento é público (ver imaxe) como o é o noso compromiso de que todas as vacantes que reúnan os requisitos fixados nesa acta saian todos os anos a concurso ●


→ Acta da sesión da comisión técnica do concurso de traslados







# PROFESORADO INTERINO e A FRAUDE DE LEI NA CONTRATACIÓN



**A**s voltas que levan dado os diferentes xulgados, desde os de primeira instancia ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pasando polo TSX de Galiza ou o Tribunal Supremo, teñen feito correr ríos de tinta e suscitar moitos debates e, con frecuencia, con moita confusión intencionada ou non. En todo o que ten a ver coa consideración de fraude de lei na contratación de persoal interino hai que ter en conta que non é o mesmo o persoal laboral da administración que o persoal funcionario e que non se lle pode aplicar a este a xurisprudencia do persoal laboral. Moita da confusión creada vén precisamente de interpretar sentenzas que afectan a persoal laboral como se fose funcionariado interino. Un dos elementos diferenciais está precisamente en que tipo de sanción se pode impor a ambos colectivos en casos de fraude na contratación.

A día de hoxe non se pode impor a unha Administración a fixeza como sanción por abusar da temporalidade no caso do persoal funcionario mentres que xa se deron algúns casos nos que si se fai para o persoal laboral. Así, existen dúas sentenzas que declaran como fixos en dous concellos galegos a traballadores que superaron un proceso selectivo para ser persoal temporal deses concellos e esa temporalidade se estendeu máis alá dos límites legais establecidos, sendo considerada a fraude na contratación.

A fundamentación das sentenzas é a seguinte: hai fraude porque hai abuso da temporalidade e a sanción que lle corresponde asumir á administración é a fixeza xa que todo o persoal xa superou un proceso selectivo similar ao requerido para ingresar como persoal laboral fixo na función pública.

## ¿E QUE PASA CO PERSOAL FUNCIONARIO?

Podé sancionar un tribunal á Xunta e facer fixo o persoal interino? De momento temos xa a resposta do TSXG, nunha sentenza na que non considera como fraude unha contratación como persoal interino dunha docente que levaba destinada no mesmo centro moitos anos. Isto desde o punto de vista da CIG-Ensino é discutíbel e non pode ser considerado igual en todas as contratacións como profesorado interino. Así, por exemplo, non se debe considerar da mesma maneira a unha persoa que cubra postos de traballo que non son vacantes (porque hai funcionariado de carreira con reserva dese posto) que a outra que ocupa postos estruturais e vacantes para os que nunca se convocaron oposicións.

Temos tamén dúas sentenzas do Tribunal Supremo (TS). Neste caso o Tribunal fixo como se debe sancionar o abuso da temporalidade ou fraude no caso do persoal funcionario interino. A solución xurídica, segundo as sentenzas do TS, non é a conversión en persoal indefinido non fixo, aplicando de forma analóxica a xurisprudencia para o persoal laboral, senón, “a subsistencia e continuación da relación de emprego, cos dereitos profesionais e económicos inherentes a ela desde a data de efectos da resolución anulada, até que esa Administración cumpra na debida forma o que ordena o marco normativo”.

Isto implica o seguinte: no caso de que unha sentenza recoñecese que existe fraude na contratación do funcionariado interino, as consecuencias serían que, como sanción, se garantiría a continuación da relación administrativa até que o posto se cubra polo proceso correspondente ou se amortice. Polo tanto, a cobertura da praza após unha oposición ou un concurso de traslados ou a amortización de prazas por peches de aulas ou redución da oferta educativa, coa conseguinte redución de postos temporais, implicaría a perda do posto de traballo para esa persoa; isto é, o mesmo que acontece como persoal interino.

No momento de redactar esta información están pendentes varias sentenzas no TXUE con cuestións prexudiciais que nalgún caso ten que ver con funcionariado interino. Convén agardar a ver que acontece e sobre todo, como deriva todo finalmente no Tribunal Supremo ●







*o ensino público é  
indispensábel para a  
igualdade de  
oportunidades e a  
verdadeira integración*

**A** CIG-Ensino como sindicato defende, como é notorio, un ensino público galego e en galego, democrático, laico, coeducativo, gratuito e integrador, e por tanto, temos una sensibilidade especial no referente á atención á diversidade e amosámola en todos os foros de negociación en que estamos presentes.

Consideramos o ensino público como o elemento indispensable para a igualdade de oportunidades e a plataforma dende onde todas as persoas poderán acadar un desenvolvemento pleno e unha verdadeira integración na sociedade, sexan as que for as súas características persoais ou sociais. Para conseguilo é necesario por parte da Administración unha implicación clara, que se traduza nun aumento de recursos tanto persoais como materiais nos centros educativos.

Demandamos que todos os centros de máis de seis unidades (contando tamén as de educación infantil) teñan orientación a tempo completo; que nos catálogos de postos de traballo se contemplen máis prazas de PT e AL de forma definitiva, tanto en centros de infantil, primaria, educación especial como secundaria, tal e como se recolleu no acordo de catálogos do 8 de xuño de 2007 asinado pola CIG-Ensino e as demais OO.SS. coa Consellaría de Educación.

Ao longo dos anos vemos que non hai una planificación clara e todo son excusas para ríon entrar no centro do problema: non temos un mapa da Orientación en Galiza e cada ano vaise improvisando sen que a rede actual responda a un plan detallado e negociado, máis aló das consignas da administración de recortar, compartir, “rendibilizar” persoal docente.

#### **O INCREMENTO DE PRAZAS DE PT E AL, AÍNDA INSUFICIENTE**

Nos últimos dous cursos, froito dun intenso traballo de revisión da adjudicación de prazas para o profesorado nos diferentes concursos e segundo as informacións que se nos comunican nas asembleas que facemos en todos os centros do país, conseguimos que se concedesen moitas máis prazas de xefatura de departamento de Orientación en centros de infantil e primaria e das especialidades de PT e AL con carácter definitivo. Isto non supuxo, sen embargo, un aumento dos cadros de persoal, senón só que a estas prazas que viñan sendo ocupadas sistematicamente por profesorado diferente cada ano se lles dea un carácter de continuidade, o que favorece tanto ás profesionais docentes como, e sobre todo, ao alumnado.

Porén, estas prazas non veñen “limpas” de todo: son con carácter itinerante e provoca que moitos profesionais non as escollan polas peores condicións de traballo que isto supón, para alén de que a atención ao alumnado se vexa minguada. Aínda así, o incremento de prazas é positivo e así o valoramos desde o sindicato. Os obxectivos para a CIG-Ensino a partir de agora son evitar a itinerancia desas prazas, toda vez que a Consellaría xa confirmou que se existen suficientes necesidades no centro base non se poderán cubrir outros centros e conseguir un maior incremento de prazas definitivas cando sexan necesarias.

#### **AS PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE DEBEN TENDER A CONVERTERSE EN DEFINITIVAS**

En moitos centros educativos vese a necesidade de solicitar prazas de escolarización de atención preferente, xa que non contan con profesionais que de forma permanente poidan atender alumnado con NEAE. Na CIG-Ensino consideramos que estas prazas deben ser miradas con moito tino, estar ben







← fundamentadas e recoller tamén os informes dos EOE correspondentes. Estas prazas non se poden converter nun parche para solventar necesidades dos centros, senón que han de ser para casos puntuais, con casuísticas e perfís moi determinados. Deberíase informar desta opción a todos os centros que contén con alumnado escolarizado con NEAE susceptible de requirir unha profesional específica para atendelo, ademais de convocar as ordes que a regulan en tempo suficiente para que o profesorado poida optar a elas; por exemplo, a continuación das resolucións dos diferentes CXT. Mais a tendencia natural desta modalidade de prazas debe ser a súa conversión en definitivas, especialmente naqueles centros que levan moitos anos con postos destas características e que deberían ver incrementado o seu cadro de persoal con outra PT ou AL.

#### **A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE TAMÉN É UNHA NECESIDADE NA ESO**

A creación de novas prazas das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe nos centros de ensino secundario tamén é una demanda da CIG-Ensino pois estes centros acollen alumnado de ensino obrigatorio que ven reducida

# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CUESTIÓN PRIORITARIA

a atención ás súas necesidades específicas. Moitas veces xúntase nun mesmo centro da ESO alumnado provinte de dous centros con catro profesoras de PT e dúas de AL, e no instituto só hai unha profesional de PT, ou ás veces media de AL, sendo claramente insuficiente. O incremento de prazas de Orientación nos IES máis grandes tamén é unha necesidade que temos detectado desde o sindicato. Urxe, por tanto, redefinir a atención ao alumnado con NEAE nos centros de secundaria dun xeito urxente con medidas que impliquen máis persoal especialista mais tamén o reforzo da acción tutorial e a formación do propio profesorado.

#### **NON SÓ PRECISAMOS MÁIS PERSOAL DOCENTE**

Sería necesario contemplar tamén a dotación doutras profesionais nos centros, que realizarían un traballo moi necesario na actualidade: educadoras sociais, traballadoras sociais, persoal coidador, técnicas de linguaxe de signos... Un persoal que favorecería a realización dese traballo integrador que se necesita nos centros educativos, favorecendo tamén a convivencia de toda a comunidade educativa nas diferentes etapas, dende educación infantil ao ensino secundario. Un novo mapa dos equipos específicos de orientación, con aumento de especialistas e de sedes, tendendo á comarcalización, sería o peche do círculo necesario para un reforzo importante da atención á diversidade, desde a tutoría á alta especialización na elaboración de informes nos EOE ●





# 10 ANOS DE QUEREMOS GALEGO!

*manifestacións  
con máis de  
100 000 persoas,  
as maiores  
de Europa*

**A**lgo tan normal para calquera outro pobo como a utilización natural da súa lingua, a posibilidade total de uso pola presenza en todos e cada un dos espazos, en Galiza precisa sempre da xustificación de non ser un capricho ou unha extravagancia, senón necesidade para todos os planos da nosa existencia. E non só diso, tamén da mobilización permanente para que as pequenas conquistas no dereito á vida en galego non veñan seguidas de novos retrocesos.

Hai 10 anos chegaba á presidencia da Xunta Alberto Núñez Feixó levando á práctica a galegofobia que utilizara como marca de candidato do Partido Popular. Primeiro, eliminando o galego na realización das probas para o acceso á función pública galega para, a seguir, elaborar o Decreto contra o galego no ensino que decidiu denominar "de plurilingüismo", usando o inglés como coartada para eliminar a lingua propia a favor do castelán.

As máis de 500 disposicións legais que obrigan á presenza e uso do castelán sen contemplar o galego nin sequera como opción, non eran suficientes. O galego, no mellor dos casos, debe pedir permiso para ser e existir, e Feixó chegaba para desautorizar por decreto os poucos dereitos adquiridos na historia autonómica.

Nese contexto nacía a plataforma cidadá Queremos Galego. Constituída por centos de colectivos de todo tipo que evidenciaban que a normalidade da lingua propia é mostra de cohesión dun pobo e de desenvolvemento social e humano.

Ducias de manifestacións, algunhas, con máis de 100 mil persoas, as máis numerosas de Europa en defensa dunha lingua. Centos de actos e accións ao largo e longo da nación, e mesmo unha folga no ensino cun índice histórico de participación de máis do 90%.

A presión social conseguiu que algúns dos aspectos máis lesivos como a enquisa para excluír o galego do ensino ou a posibilidade de o alumnado non o empregar nas aulas, fosen anulados por un Tribunal tan pouco sospeitoso de simpatía coa nosa lingua como o Superior de Xustiza de Galiza. Porén, mantiña a prohibición de uso do galego na docencia das Matemáticas, a Física e Química e a Tecnoloxía.

Nestes 10 anos Queremos Galego demostrou que Galiza e o galego existirán mentres haxa persoas dispostas a facer que exista e que é posíbel revertir a situación. Máis tamén que é preciso que os poderes públicos asuman a súa responsabilidade a comezar por cumprir e respectar o artigo 5 do Estatuto que sinala as súas obrigas en relación ao idioma, en proceso de devaluación case constante desde a súa aprobación e que hoxe está en mínimos históricos.

Por iso, precisamos ser máis fortes e contarnos con máis mans. Organizármonos pola lingua é o mellor camiño para obrigar os poderes públicos a cumpríren coa súa responsabilidade e que o galego estea en todo e para todo ●

Marcos Maceira

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística  
Portavoz da Plataforma Queremos Galego  
Profesor de Historia no ensino secundario







# ○ CORRELINGUA CUMPRE 20 ANOS

**U**nha proposta que serve de posta en común e visibilización ao longo de doce xornadas do mes de maio que percorre o país nun clamor colectivo de reivindicación do dereito a crecer en galego e tamén a exercer de maneira efectiva como galegas e galegos a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

Non sen razón, na última reunión do Correlingua de Vigo previa á festa final unha profesora dixo orgullosa: "Hai anos participei como alumna e agora fágoo como mestra". E é que xa imos cumprir 20 anos; 20 anos que culminan en serpes multicolores que percorren cada mes de maio as diferentes cidades e vilas do país. Pero o Correlingua é moito máis, ao longo do ano elaboramos diferentes actividades que se desenvollen durante o curso escolar: concurso de vídeo con dúas categorías diferenciadas para primaria e secundaria, manifesto, banda deseñada, Cantalingua e Pousadoiro (photocall), rematando cunha festa final na que o alumnado sae á rúa para trasladar á sociedade a mensaxe de que ten dereito a vivir en galego.

Un dereito que nos últimos anos foi recortado por mor das diferentes medidas coercitivas que o Goberno Galego vén aplicando neste último decenio negro; medidas que no ensino aparecen en forma de decreto (79/2010) que fai minguar o ensino na nosa lingua nos primeiros anos das nosas crianzas e converte o seu uso nas materias científicas nun labor militante de quen non está disposto a ceder contra as medidas de devastación lingüística que nos impón a Consellaría de Educación e a Xunta de Galiza.

**Correlingua é a denominación adoptada polas diversas carreiras en prol do idioma que se convocaron no país desde o ano 2001.**

**É unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que convida á mocidade e aos centros de ensino a participar nunha serie de actividades de toma de conciencia lingüística.**

Por iso o Correlingua é máis necesario que nunca. De feito foi especialmente nestes últimos anos un dos fochos máis importantes na visibilización e defensa do noso idioma. O Correlingua é, a día de hoxe, ferramenta indispensable no proceso normalizador. É significativo que cada ano máis de 40000 rapaces e rapazas sexan parte desta actividade incluída na programación anual de moitos dos centros do país.

Desde o Correlingua traballamos por outras mil primaveras, veráns, outonos e invernos máis para o noso idioma, seguiremos percorrendo o país como fixemos nestes últimos 19 anos cheos de xogos, manifestos, música, bullicio... estaremos alí onde precise o idioma porque...

*En galego estamos no mundo e temos que reflexionar, reflexionar sen cancelas porque a lingua non para e galegando estamos en nós. O Correlingua pode ser a chave do mundo para moit@s moz@s que queiran dar un paso adiante e atopar todo o que buscan na nosa creación común; sempre somos coa forza do noso amor. Pásao, é a fórmula, está en nós ●*





# REGULACIÓN DAS AFÍNS

HUMOR GRÁFICO: ANDRADE



É unha necesidade tanto desde o punto de vista profesional como da calidade do servizo educativo que a impartición de materias afíns se reduza ao mínimo e que nunca vaia máis alá de ámbitos académicos fixos e coherentes coa formación e coa titulación do profesorado. A normativa sobre especialidades que rexe tanto para o acceso á función pública como para a cobertura de substitucións queda totalmente pervertida coa asignación de afíns, ademais de que este mecanismo se converte nalgúns casos nun sistema fraudulento para a asignación de prazas no Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais.

Na súa resposta a Consellaría volveu asociar as afíns cos contratos temporais para negarse a regularlas. Aludiu a que a porcentaxe de contratos a media xornada ou a un terzo en Galicia é moi inferior á doutras comunidades en base a isto pero para a CIG-Ensino esta non pode ser a escusa para negarse a negociar unha regulamentación que poña fin ao despropósito no que se converteu a adxudicación con afíns nalgúns casos inverosímiles nos últimos anos ●

Se facemos historia vemos como despois dunha intensa campaña de mobilizacións amplamente secundadas polo persoal interino e substituto, que incluíron folgas e peches en 2006, conseguiuase que a Consellaría modificara o texto do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto para incorporar o nomeamento nos meses de verán con efectos económicos e administrativos daquelas persoas que fixeran substitucións durante este período de tempo. A CIG-Ensino decidiu non asinar igualmente este acordo, despois da decisión maioritaria da asemblea de docentes en folga, ao non incorporar un compromiso de estabilidade para o profesorado interino de máis idade ou con moitos anos de servizo.

Con todo, é curioso que sexa a nosa organización sindical a que reclame en solitario en todos os órganos de negociación a restitución deste dereito, cando o resto de centrais teñen asinado este acordo. Na Mesa Sectorial do pasado 2 de xullo viviuse outro capítulo desta farsa político-sindical. A Consellaría volveu traer o texto do acordo para a súa enésima emenda (relacionada co sistema de chamamentos telefónicos para a cobertura de substitucións e cos erros na matrícula das oposicións do profesorado interino) e, unha vez máis, quen puxo sobre a mesa a negociación deste asunto foi a CIG-Ensino. A Consellaría mantivo a súa negativa a modificar os Orzamentos Xerais da Xunta para habilitar o pagamento desta partida, faltándolle así ao respecto ás organizacións sindicais asinantes e tamén á CIG-Ensino que é a central maioritaria na Mesa Sectorial. Chama poderosamente a atención a impasibilidade e o inmovilismo de todas as partes, que defenden e dan o seu respaldo a un texto que recolle este dereito expresamente no seu punto 18º, pero que se negan a garantir o seu cumprimento ●

## ○ PAGAMENTO DO VERÁN AO PERSOAL SUBSTITUTO ○

A CIG-Ensino vén solicitando en todas as Mesas Sectoriais a recuperación do pagamento dos meses de verán para o persoal substituto que traballara cando menos 5 meses e medio ao longo do curso académico. Un dereito que lle foi usurpado ao colectivo máis vulnerábel e precario do sistema público de ensino no ano 2011 en plenos recortes do goberno Feijóo.

## MANTENSE A FARSA POLÍTICA E SINDICAL





**D**urante os últimos anos a Mesa Sectorial está sendo baleirada de contidos por parte da Administración, nunha clara intención de esquivar as críticas e reducir ao mínimo a negociación. Un exemplo claro foi a orde que regula o Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais, que de ser unha orde que se negociaba cada ano pasou a ser unha orde fixa e sen negociación ningunha na Mesa Sectorial.

Outras ordes pasan pola Mesa Sectorial -maioritariamente as da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional- e son só presentadas, xa que en todas elas a administración insiste en que xa foron negociadas outros anos e polo tanto non van aceptar ningunha das nosas propostas posto que, segundo a Consellaría, é unha orde que “funciona tal e como está”. Trátase dun insulto ao profesorado e ás organizacións sindicais e unha estratexia propia de quen entende a maioría absoluta coa que conta o PP como unha patente de curso para dirixir as políticas educativas como quen dirixe unha finca privada. En definitiva mostran un gran desprezo pola opinión do profesorado que é a que traslada a CIG-Ensino ás mesas.

En canto ao Consello Galego da Formación Profesional (CGFP) denunciámos xa no seu momento que é un órgano que non negocia, limitándose a presentar as propostas da Administración e non atende ningunha das peticións, xa non só as da CIG-Ensino senón nin sequera as dos centros educativos do País.

É obvio que isto non nos vai facer calar e seguiremos a denunciar todas as imposicións da Consellaría, ben sexa en materia de persoal como, especialmente, na política de centros e de oferta educativa e, por tanto, as nosas propostas serán sempre altofalante das propostas do profesorado e dos centros educativos.

Como exemplo final deste maneira de actuar nos últimos anos no Consello Escolar de Galiza (CEG) non se constituíu nin unha soa comisión de traballo, e iso tendo en conta que

foi un período onde se deu unha reforma educativa, convertendo este órgano nun cadáver e pasando dos debates estériles — xa que as súas conclusións nunca eran tidas en conta polo goberno do Partido Popular, aínda que fosen aprobadas por maioría no Consello Escolar de Galiza — a un mero trámite con plenos nos que só se revisan decretos de titulacións de títulos de FP. Dada esta situación e para mostrar o noso malestar desde a CIG Ensino promovemos que non se acudise nin ao último Consello Galego de FP nin ao último CEG, o que foi respaldado neste último caso por todas as organizacións sindicais ●

**Tanto a Mesa Sectorial como o Consello Escolar de Galiza ou o Consello Galego da Formación Profesional están quedando relegados da súa función negociadora para quedar só como meros requisitos burocráticos.**

## **A XUNTA INTENTA BALEIRAR AS MESAS DE NEGOCIACIÓN**





# FP DUAL, ESA GRAN MENTIRA



Neste curso a Consellería implantou 73 novos proxectos en dual, un incremento do 60% con respecto ao ano pasado, o que contrasta coa negativa, agás contadas excepcións, a autorizar novos ciclos nas modalidades ordinaria e modular. Esta situación, de seguir así, vai producir unha precarización aínda maior da situación laboral do profesorado de FP, e tamén unha merma moi grande na calidade educativa para o alumnado.

**D**ende o comezo da crise económica que afectou con especial incidencia ao Estado español, nestes últimos anos tivemos que soportar os recortes e a precarización do sistema público en moitos ámbitos. O ensino sufriu dende o principio este ataque brutal, que veu acompañado dunha campaña de desprestixio e de desvalorización da nosa profesión a nivel social por parte dos poderes económicos e das administracións.

Todo o sistema educativo sufriu un retroceso, tanto o alumnado coa implantación da LOMCE, como o profesorado, que vimos mermados os nosos dereitos en canto a horarios, na impartición de materias afíns, na sobrecarga de horas nos departamentos e tamén nos nosos dereitos económicos.

Non foi diferente para a Formación Profesional e ademais vimos como dende Europa se nos impoñía a implantación da FPDual como unha das medidas do rescate económico. Desde entón, ao principio timidamente pero nestes últimos anos con máis intensidade, atopámonos con que a Xunta de Galicia está obsesionada coa implantación desta modalidade en todos os centros educativos que imparten FP.

## **A ENTRADA MÁIS FERÓZ DA PRIVATIZACIÓN NO ENSINO**

A FPDual non é outra cousa que a privatización do ensino público, dende o momento en que a administración asina convenios con empresas para que sexan elas as que, de facto, impartan formación e privatizar esa formación. Tampouco se respecta a igualdade de oportunidades nin de equidade que debe garantir o ensino público, xa que a selección do alumnado depende da propia empresa, así que non todo o alumnado ten a oportunidade de cursar esta modalidade.

No momento en que a Consellería de Educación incentiva, promove e presiona tanto a alumnado, profesorado e centros educativos para que se implante esta opción está sucumbindo







aos intereses economicistas de certas empresas que poñen as súas condicións. Chégase ao extremo de que unha empresa pode ter un ou dous estudantes en formación dual, mentres que a un centro educativo se lle esixe un mínimo de 8 ou 12 matriculados/as para autorizar o seu funcionamento. Estamos a ver como cada ano se pechan ou non se autorizan novos ciclos formativos (este ano a CIG-Ensino contabilizou máis de 40 denegacións de solicitudes dos centros) en modalidade ordinaria pero si se amplía a oferta de FPDual.

#### **MÁIS EMPRESA, MENOS PROFESORADO**

Esta situación vai repercutir directamente no persoal docente, dado que o alumnado vai estar de xaneiro a xuño de segundo curso (no mellor dos casos) nunha empresa, polo que realmente o tempo de docencia no centro se reducirá ao primeiro curso e a un trimestre do segundo.

Que vai pasar entón? Está claro que non se precisará tanto profesorado, os departamentos terán que impartir docencia de especialidades que non son propias para completar horario, ou haberá docentes desprazados a outros centros por falta de horario, unha situación totalmente excepcional até o momento na FP. As interinidades reduciranse considerablemente ou mesmo se transformarán en substitucións e estas desaparecerán.

Veremos ademais como o alumnado vai recibir unha formación moi específica, dunha empresa concreta, e non vai ter unha visión xenérica como a que se imparte nos centros educativos. Veremos tamén (xa o estamos vendo) alumnado en situación de abuso por parte da empresa, con xornadas laborais que non se corresponden co convenio laboral ou tarefas que tampouco son as que entran dentro do currículo formativo, alumnado preocupado por denunciar certas situacións ante o medo de non acadar o título formativo, porque esta decisión tamén depende de se a empresa o declara apto ou non...

#### **CONTROL AUSENTE DA ADMINISTRACIÓN**

Somos coñecedores da ausencia de control por parte da administración e dos centros sobre as empresas. Os convenios asinados amósannos como estas poden ter alumnado en formación dual sen obriga de contratalo, poden telo durante os meses de verán con acordo coa Consellería, poden ter alumnado de dual aínda que realizaran un ERE a empregados/as, etc.

En Galiza non existe un tecido industrial nin empresarial forte que teña capacidade para impartir docencia e poder outorgar un título de Técnico/a. Nos países de Europa que avalan esta formación, e así o recolle a recomendación do Consello de Europa, fálase sempre de aprendices e non de técnicos/as. E no plantexamento que fai a Xunta de Galiza ese é o erro de base, confundir o que tería que ser un/unha aprendiz cun/cunha técnico/a.

A maiores, a inserción laboral das persoas que cursan dual non é superior ás persoas que cursan FP ordinario; non existe ningún informe neste momento que amose unha maior empregabilidade deste alumnado. O que si garante a FPDual neste momento é a privatización do ensino público, a merma de postos de traballo para o profesorado e a eliminación da igualdade de oportunidades no acceso á educación para o alumnado.

A aposta da Consellería de Educación por esta modalidade, sen diálogo previo co profesorado e coas organizacións sindicais, así como a imposición e a presión aos centros educativos, só mostra que o goberno de Feijóo está de costas ao ensino público e á calidade educativa e de cara aos beneficios económicos de certas empresas ●

*ademais da  
privatización do  
ensino público, a FP  
dual supón a merma  
de postos de traballo  
docentes e elimina a  
igualdade de  
oportunidades do  
alumnado*

#### **PRESENTAMOS RECURSO**

Sen previa negociación, sen marxe para que se difundira e debatese nos centros de traballo e coa aplicación dun sistema piramidal de mando que recolle o peor dos Centros Integrados de FP, así sacou á luz a Consellería de Educación unha resolución para crear, con carácter experimental, unha "rede galega de dinamización da FP Dual". A norma supuxo o nomeamento a dedo por parte da dirección, de até 48 docentes, un por cada centro educativo que conformou inicialmente esta rede, para dedicarse a tempo completo a impulsar a FP dual entre as empresas e o alumnado.

A CIG-Ensino presentou un recurso administrativo contra esta normativa polo escurantismo e a falta de transparencia no proceder da Consellería mais tamén pola alteración que supuxo no normal desenvolvemento do curso académico (as persoas dinamizadoras foron nomeadas e apartadas da docencia no último trimestre do curso pasado) e pola incerteza que se abre sobre a estabilidade dos postos de traballo do profesorado de FP co impulso case obsesivo que mantén a Xunta de Galiza coa FP dual ●





# ○ GRAN FRACASO EDUCATIVO○

*o libro  
non se pode  
usar na escola;  
a propia consellería  
xa se encargou  
de prohibilo*



s máis altos representantes políticos da cultura acoden a presentar o libro *Guía dos elementos químicos*. Historia, propiedades e aplicacións. Queren visibilizar que foron eles os que tomaron a decisión de apoiar súa edición. Esta é a ilusión. Distribúense os exemplares polos centros de ensino? Non. Seguen estando na súa maior parte almacenados no Centro Ramón Piñeiro. En todo caso o libro non se pode usar na escola; a propia consellería que o edita xa se encargou de prohibilo polo feito, precisamente, de estar redactado en galego. Velaquí a realidade.

O método consiste en crear a ilusión de que a Xunta cumpre cos mínimos na normalización lingüística cando a verdade (oculta) é precisamente a contraria. Deste tipo de políticas hai exemplos a moreas. Mellor dito, toda a política lingüística está sustentada neste proceder.

Con todo, esa obra de química foi o único das materias prohibidas en galego que se permitiu publicar baixo a héxira do funesto Decreto 79/2010.

Volvamos a vista atrás para ver todo o que levamos perdido. No ano do Decreto un grupo de traballo de profesorado de matemáticas ofreceulle gratis á Consellería de Educación un material didáctico para a ESO e que se aloxaría nun portal do Ministerio de Educación. Estas persoas non recibiron ningunha gratificación económica, nin premios, nin recoñecemento algún. A resposta da Consellería consistiu en presionar ao Ministerio para que non o publicase. O problema era que o material estaba en galego. O resultado foi que, durante algún tempo, as únicas unidades didácticas de matemáticas na nosa lingua había que descargalas dunha web dependente do goberno de Madrid que se pechou cando M. Rajoy alcanzou a presidencia do Estado. Agora esas unidades proscritas teñen que aloxarse nun portal privado.

Un ano antes, 2009, todo o estudiantado levaba nas súas mochilas un libro da materia de Física e Química, outro de Matemáticas e un máis de Tecnoloxía. Todos eles en galego. Todos pagados pola Xunta. Feijóo determinou tirar con estes centos de miles de libros ao lixo. Obrigóuselle á sociedade galega, no peor momento da crise, a comprar outros tantos libros en castelán. Varios millóns de euros de gasto para a exclusión do galego. E así cada ano, até hoxe. Todo este malgasto, todo este esforzo para que unha xeración enteira vise drasticamente reducido, en moitos casos eliminado, o seu contacto co galego. O obxectivo final é a ignorancia da lingua de noso e a perda da identidade. Estamos vivindo o maior fracaso social e educativo de toda a historia do goberno da Xunta.

Van xa 5 anos nos que este goberno vén declarando novembro como "mes da ciencia en galego nas bibliotecas escolares". Escollamos ao chou unha das actividades que se programan, a das Mochilas Viaxeiras. Consideremos, por exemplo, unha das mochilas de matemáticas de ensino secundario. Alí temos 31 títulos: 28 dos cales son de libros en castelán. Non fixemos trampa, este é o panorama xeral. Aínda máis, dos tres títulos en galego, dous hai moito que están descatalogados. Do terceiro, aínda que o autor foi un matemático inglés, podemos sustentar que non é de matemáticas. Así e todo, o seu título é significativamente explicativo. Trátase de *Alicia no país das marabillas* ●

Cibrán Arxibai

Profesor de Matemáticas no ensino secundario  
Blogueiro. <https://cartaxeometrica.blogspot.com>







**N**as últimas Xornadas de lingua e literatura, un dos actos centrais foi o debate sobre a situación da lingua no ensino. Moderados por Anxo Louzao, participamos na mesa: Mónica Pazos, vicepresidenta da Mesa, Valentín García, secretario de Política Lingüística e eu mesma. A organización colocou no centro das xornadas o debate sobre a nosa lingua consciente de que, dun tempo a esta parte, algo tan necesario como a reflexión crítica e a reivindicación reparadora deixara paso a unha calma aparente inducida a través dos recortes constantes e a negación sistemática do máis elemental, como a inclusión do Día de Rosalía no calendario escolar. Porque estes dez anos que comezaron coa toma de posesión do actual presidente un primeiro de abril, estiveron ateigados de decisións destinadas a instalarnos na renuncia, frustrarnos e facernos claudicar.

Mais o debate demostrou que, en contra do que outros teñen deseñado para nós, as e os que temos na lingua a nosa patria é pouco o que precisamos para recuperar o espírito combativo que o futuro da nosa lingua precisa. No debate ficou patente a negativa da actual Consellaría de Educación a facer unha análise correcta da situación e adoptar as medidas necesarias. Mais tamén ficou patente que quen amamos a lingua estamos cargados de argumentos e imaxinación para volver colocar no centro do debate un tema que é non só necesario, senón tamén urxente.

O profesorado galego, e sobre todo o profesorado de lingua galega, comprobamos con preocupación a evolución da lingua entre o noso alumnado. Primeiro foi a perda da nosa especificidade sintáctica, cos pronomes bailando ao redor do verbo e as frases preposicionais a calcarse do español. Logo o empobrecemento léxico, que fai que mesmo voces tan arraigadas como “colo” cedan o seu lugar ao español “regazo”. E finalmente o “n velar” ou o “x”, que van desaparecendo aos poucos, cando o vocalismo xa nos resulta irrecoñecíbel. Son as evidencias inequívocas que acompañan a realidade que a Xunta non quere avaliar: o descenso do uso da nosa lingua. Os datos que recolleemos co alumnado demostránnos que xa estamos na fase de desgaleguización das vilas, que anos atrás tiñan unhas porcentaxes de uso superiores ás cidades.

Os datos dinnos que é o momento. O momento de tomar medidas e loitar por un cambio de 180°. Urxe comezar por derrogar o actual decreto que trouxo o trilingüismo como un caballo de Troia contra o galego e só serve para prohibir o uso da nosa lingua, reducir o seu uso e comprobar a contradición entre a lingua que usan os libros de texto das materias plurilingües e os coñecementos que corresponden a ese nivel de ensino. Mais logo hai que avanzar e hai que facelo de forma decidida e con medidas que garantan o incremento de uso. Cómpre que o galego sexa a lingua vehicular no ensino de todas as materias. Si, ensino en galego, realmente en galego. Poderemos facer planos de implantación, mais o obxectivo debe ser a galeguización plena, única medida que nos garante hoxe mudar a situación actual.

É o que precisa a nosa lingua e a mocidade que demostra que non quere manter vivos os prexuízos que existen contra o noso idioma cando, máis alá das declaracións, se

# EN GALEGO

*primeiro perdemos os pronomes, despois o léxico, e finalmente a fonética*

lanza a pór en práctica medidas normalizadoras que a todos e todas nos sorprenden.

Para quen teña dúbidas basta con recorrer á ampla bibliografía elaborada noutras latitudes, tamén fóra do Estado español, que demostran que esta medida non só ten efectos na restitución da lingua entre os máis novos, senón que non impide, de ningunha maneira, desenvolverse con corrección oral e escrita na outra lingua oficial.

Se de verdade estamos a prol da normalización do galego, é hora de virar o rumbo. Avante toda! ●

HUMOR GRÁFICO: PESTINHO



Marta Dacosta

Profesora de Lingua e Literatura Galega no ensino secundario. Poeta.





**A**s ensinanzas artísticas superiores teñen unha evolución desde 1970 que se ve reflectida na LOXSE. Esta lei orgánica establecía a equiparación das titulacións artísticas coas universitarias: licenciaturas e diplomaturas, segundo os casos, mais sen modificar a súa regulación funcional, de maneira que os centros que impartían estas ensinanzas rexíanse polas mesmas normas que os institutos de bacharelato ou formación profesional.

Alén desta anomalía lexislativa, a ordenación e o percorrido académico das ensinanzas artísticas limitábase ao segundo ciclo, obviando a importancia do doutoramento e a investigación. Foi, en definitiva, unha equiparación parcial, restrinxida ás titulacións impartidas e que non permitiu que as ensinanzas artísticas superiores se desenvolvesen axeitadamente integrándose na universidade, como si aconteceu, por exemplo, con Belas Artes, Educación Física e Deportiva, Fisioterapia, etc.

#### **A LOE ABRE A PORTA Á SÚA ADSCRICIÓN ÁS UNIVERSIDADES**

No 2006, a Lei Orgánica de Educación (LOE) non mudou substancialmente a súa estrutura, equiparando as ensinanzas artísticas superiores ao título universitario de Grao, quedando incluídos a todos os efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e confirmando a equivalencia ao título universitario de Grao. Fican incluídos os estudos superiores de Música, Arte Dramática, Conservación e Restauración de Bens Culturais e Artes Plásticas e Deseño. Para a organización destas ensinanzas, a propia LOE afirma que as Administracións Educativas poderán adscribir centros de Ensinanzas Artísticas Superiores mediante convenio ás Universidades, segundo o sinalado no artigo 11 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

Desenvolvendo a LOE, no 2009, publícase o Real Decreto 1614/2009 polo que se ordenan estas ensinanzas. Este RD establece e regula como títulos de "Grao" en Artísticas Superiores os que a LOE definía como "Títulos Superiores" equivalentes ao Grao universitario. Ademais, recollía explicitamente a necesaria integración destes estudos no Espazo Europeo da Educación Superior. Así pois, os títulos que establece o RD 1614/2009 teñen a denominación de Graduado ou Graduada en Música, Graduado ou Graduada en Arte Dramática, etc.

Por outro lado afirmase nese RD, na disposición adicional sétima, que corresponde ás administracións educativas a articulación da oferta de ensinanzas e o establecemento das medidas necesarias para a adecuada diferenciación entre a oferta das ensinanzas artísticas reguladas nese RD e a das ensinanzas universitarias que puideran pertencer a ámbitos disciplinares coincidentes con estas. O que pretendía esta disposición era evitar, na medida do posíbel, a duplicidade de titulacións. A Universidade interpretou isto como unha inxerencia e un ataque á súa independencia, polo que varias universidades interpuxeron recursos ante o Tribunal Supremo contra o RD 1614/2009.

No ano 2012 o Tribunal Supremo ditou varias sentenzas nas que se aceptaban parcialmente algúns dos recursos das universidades cuestionando o feito de que centros que non eran universitarios puidesen ofertar titulacións de Grao e Posgra. A sentenza do Supremo polo recurso da Universidade de Granada eliminaba a denominación de Grao contemplada polo devandito RD para as ensinanzas artísticas.

**A adscrición e posterior integración na Universidade destas ensinanzas resulta cada vez máis necesaria para darlle solución a un problema que o que realmente require é vontade política e, por suposto, plena confianza nunhas ensinanzas que noutros países gozan de enorme prestixio e considéranse fundamentais no desenvolvemento do patrimonio e da cultura como un sector estratéxico tanto económica como socialmente.**



#### **A LOMCE E A VOLTA AO PUNTO DE PARTIDA**

Mentres isto sucedía, as Administracións educativas semellaban non darse por aludidas, modificando mesmo algún plan de estudos sen sinalar a mudanza na denominación dos títulos.

Finalmente, a Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE) recupera o termo de "Título Superior" para o que durante un breve lapso de tempo foi "Grao", co que as ensinanzas artísticas superiores parecían volver ao punto de partida. Iso si, a LOMCE tamén recollía no artigo 46 o que se establecía na LOE a respecto de que as Administracións educativas poderían adscribir centros destas ensinanzas mediante convenio ás Universidades, tal como se indica na LOU. E no artigo 58.4 da LOE establécese que "as Comunidades Autónomas e as Universidades dos seus respectivos ámbitos territoriais poderán acordar fórmulas de colaboración para os estudos de ensinanzas artísticas superiores reguladas nesta lei".

Diante desta situación creouse no ano 2012 a Plataforma Galega pola Adscrición e a Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego. Esta Plataforma, da que a CIG-Ensino fai parte, vén reclamando das Administracións educativas unha solución inmediata e razoábel a un problema que atinxe ao estatuto das ensinanzas e aos lexítimos dereitos do alumnado e do profesorado dos centros que as imparten. →





A CULTURA  
NON SE  
NEGOCIA

# AS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES NO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

## DISCRIMINACIÓN DO ALUMNADO

Resulta ilóxico que unhas ensinanzas conducentes a unha titulación equivalente a todos os efectos a un título universitario de Grao se sigan impartindo en centros que se rexen pola mesma normativa que os institutos de educación secundaria, convertendo o seu alumnado en estudantado de ensino medio, cuns dereitos que nada teñen que ver cos do alumnado universitario: bolsas, comedores, residencias, bibliotecas, Erasmus, servizos de teledocencia, bolsas predoutorais e posdoutorais,...

Ademais a titulación que obtén o alumnado está en vigor no Estado español mais non en Europa, xa que a LOE e a LOMCE non son normativas europeas e, polo tanto, non verá recoñecida a súa titulación de maneira automática senón que terá que seguir procesos de convalidación que non só implican inversión de tempo, mais tamén de diñeiro. Circunstancias todas que atentan contra a igualdade de oportunidades: precariedade de infraestruturas e recursos, imposibilidade de desenvolver liñas de investigación nos centros, etc.

Así pois, tal e como vimos demandando desde a CIG-Ensin e desde a Plataforma a Administración, ben por iniciativa propia, ben a instancia do Parlamento galego, debe elaborar á maior brevidade unha norma que articule a posibilidade de adscrición á Universidade que, como xa se puxo de manifesto, está contemplada na lexislación vixente. Xa é tempo ●

*a situación actual é totalmente anómala en canto ao estatuto destas ensinanzas e afecta aos lexítimos dereitos do seu profesorado e estudantado*





# TODO EN LIÑA

A administración continúa obrigándonos a realizar cada vez máis trámites exclusivamente por sede electrónica, coa conseguinte redución de persoal de xestión e administrativo que isto leva aparellada, e ampliando a burocracia que temos que realizar agora tamén fóra do noso traballo docente e dos centros de ensino.

*a CIG-Ensino  
demandou que  
se manteña  
a posibilidade  
de chegar a  
documentación  
tamén pola vía  
ordinaria*

## A TRAMITACIÓN DOS PARTES DE BAIXA MÉDICA

**A** Consellaría modificou a comunicación dos partes de baixa por incapacidade temporal, así como os de confirmación ou alta médica, pasando a ser obrigatorio facelo vía web. A administración alegou que se pretendía facilitar e axilizar a tramitación destes partes médicos, centralizando toda a xestión nos servizos centrais e cargando no propio profesorado toda a xestión burocrática.

Para a CIG-Ensino a decisión da Consellaría non ten sentido, non porque se habilite a posibilidade de poder facelo por esta vía, co que estamos de acordo, senón por imposibilitar que se poida facer pola vía ordinaria, polo que esiximos que se manteña esa opción para os casos onde for necesario.

Así, nos casos en que un ou unha docente se atopasen incapacitados para xestionar este trámite o atraso e o quebranto que se produce na súa formalización e na cobertura da vacante é total. Pensemos, por exemplo, en baixas médicas que imposibiliten as docentes o seu acceso á aplicación informática de “datos persoais”, como pode ser o caso dunha persoa infartada ou hospitalizada por calquera motivo, alguén que permaneza inmovilizada ou que non teña acceso no seu domicilio aos medios necesarios para cumprimentar o trámite (escaneo de documentación e acceso á aplicación). Nestes casos non se permite que se poida achegar mediante outros medios esa documentación, xa que o acceso aos “datos persoais” é exclusivo de cada docente. A Consellaría, en resposta á nosa crítica, confirmou que son conscientes de que vai haber excepcionalidades que terán que asumir mais que pretenden que sexan as mínimas posibles.

A presentación telemática é moi sinxela. Hai que entrar no apartado de datos persoais (<https://www.edu.xunta.es/datospersoais>) co contrasinal, premer no apartado “Comunicación de partes” e desde a aplicación á que se accede engadir escaneada ou fotografada a baixa, a continuidade ou a alta ●

## AS PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE MUFACE

**A**s axudas complementarias de MUFACE hai que solicitarlas desde o pasado 1 de marzo a través da sede electrónica (<https://sede.muface.gob.es>), o que requir algún dos sistemas de acreditación habituais a nivel de Estado, é dicir, DI electrónico, certificado electrónico, Cl@ve PIN ou Cl@ve permanente.

As prestacións complementarias son as axudas ás que teñen dereito as persoas mutualistas de MUFACE e as persoas beneficiarias e que sufriron unha redución importante nos últimos anos: prestacións dentarias, oculares, auditivas... De momento a obrigatorio de solicitarlas en liña só afecta ás dúas primeiras.

A solicitude farase achegando as facturas e os certificados médicos, cando sexan necesarios, escaneados, gardando a mutualista o orixinal por un período de catro anos.

Na mesma sede electrónica pódense tamén solicitar as receitas, a tarxeta de afiliación ou a tarxeta sanitaria europea entre outros servizos.

O profesorado mutualista xubilado poderá seguir solicitando as prestacións nas sedes de MUFACE mais só son válidos para estes trámites os meses de marzo, setembro e outubro ●





A Xunta de Galiza vén de aprobar unha modificación dos criterios e contías que viña destinando nestes últimos anos para o coidado de familiares de 1º grao con discapacidade igual ou superior ao 33%. A proposta non se viu acompañada por unha recuperación dos fondos destinados ás axudas sociais recortadas polo goberno Feijóo e que suman 57 millóns desde 2011.

**O** cambio implica dotar a axuda por discapacidade dun pago de 180€ ao mes, sempre e cando o familiar a cargo non supere uns ingresos en cómputo anual iguais ao SMI. No caso de que a discapacidade da familiar sexa igual ou superior ao 75% non sería efectivo o requisito dos ingresos e podería percibirlo todo persoal da Xunta cun familiar a cargo coa discapacidade indicada. A contía de 180€ faríase efectiva no ano 2020, quedando a ampliación das contías nun 50% sobre o que se percibiu nestes últimos anos.

A CIG veu trasladando desde o ano 2010 a necesidade de incrementar as axudas por discapacidade e evitar que, como aconteceu todos estes anos, parte do orzamento destinado a esta axuda quedase sen gastar polos excesivos requisitos impostos pola administración.

A medida é evidentemente unha mellora sobre a situación actual xa que só tiñan dereito aos 180€ as familias con renda per cápita de até 6.000€ e con discapacidade igual ou superior ao 75%.

**E** ntraron en vigor as modificacións nos permisos da nai biolóxica ou do outro proxenitor neste ano 2019 que trouxeron a ampliación dos mesmos a 22 semanas no caso da nai biolóxica e a 8 semanas no da súa parella (que chegarán a 12 no 2020 e a 16 no 2021).

Sen embargo, tamén é importante outra novidade que chegou da man desta reforma: o feito de que ambos permisos poidan ser gozados de xeito interrompido. Isto implica que, en ámbitos como o docente, con breves interrupcións nos períodos lectivos, os permisos poidan estenderse máis alá do tempo estipulado se organizamos ben o seu reparto.

Así, pode solicitarse non desfrutar o permiso durante os meses de xullo e agosto, nas vacacións de Nadal ou na Semana Santa se estas datas non lectivas coinciden dentro dos permisos da nai ou da outra persoa proxenitora.

Non todo o profesorado terá dereito a esta distribución alterna do permiso, xa que é preceptivo que ambos cónxuxes traballen. Outros requisitos para optar a este goce interrompido son respectar o descanso obrigatorio de 6 semanas posterior ao parto, que cada período do permiso sexa como mínimo de 1 semana e que se solicite cunha antelación de 15 días.

Desde a CIG-Ensino valoramos moi positivamente que os permisos sexan, como sempre reclamamos, intransferíbeis e esiximos ao goberno galego que amplíe o permiso da outra persoa proxenitora para igualalo ao da nai no ano 2020, ampliando progresivamente ambos no camiño de que acaden os 12 meses de duración ●

## FONDO SOCIAL: MAIS AXUDAS Á DISCAPACIDADE

### NON HAI COMPROMISO DE RECUPERAR O FAS

Todo o persoal da Xunta, incluído o profesorado, leva perdido máis de 7 millóns de euros anuais desde o 2011 ao 2019. Suman un total de 57 millóns de euros. Suma e segue porque a Xunta se nega a que poidamos recuperar as axudas completas que se nos retiraron coa excusa da crise: estudos das fillas e fillos, da persoa traballadora, por xubilación, por crianzas menores de 6 anos... todas quedaron anuladas polo goberno Feijóo logo de que se acadara un compromiso co anterior goberno de destinar un 1% de toda a masa salarial da Xunta ao Fondo de Acción Social (FAS).

Nas reunións mantidas no mes de xuño coa Dirección Xeral de Función Pública, a CIG amosouse disposta a acordar coa Xunta un prazo para a recuperación desas partidas, con datas fixas e que nos leven a destinar ese 1% da masa salarial ao FAS e só con esa condición mais atopámonos novamente coa negativa da Administración ●

## ALÉN DAS 22 SEMANAS

Se vés de ser nai ou pai ten conta do calendario: as semanas de permiso poden dar máis de si.

### NOVOS PERMISOS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE CRIANZAS





# A ESCOLA RURAL, ABANDONADA POLA XUNTA

*o peche de aulas fai  
imposíbel que o  
alumnado rural teña  
educación de calidade*

**A**no tras ano, e sempre cara ao final de curso, ou incluso cando o profesorado e as familias das crianzas xa están de vacacións, a Consellaría de Educación volveu comunicar o peche de unitarias, aulas, agrupamentos, a supresión de profesorado... e todo isto con maior virulencia no rural galego, ese ao que a Xunta di defender.

O peche de unidades, aulas e unitarias fai imposíbel que o alumnado do rural teña unha educación de calidade como merece e a Consellaría redúceo todo a unha falta de matrícula, esquecendo totalmente que moitos destes centros carecen de servizos de conciliación imprescindíbeis para poder compatibilizar a vida familiar e laboral e obrigando as familias a escolarizar os seus fillos e fillas fóra do seu lugar de residencia. Esta situación contrasta co mantemento de unidades na privada que non reúnen o número mínimo de matrículas esixidas pola normativa e que sen embargo son intocábeis para esta administración.

O abandono do rural é tan evidente e descarado por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza que incluso fai caso omiso ás diversas solicitudes formuladas pola Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural tanto dunha moratoria no peche de unidades como, e isto xa é o mínimo que se lle pode esixir a unha administración pública, dunha entrevista coa conselleira para analizar a situación.

Desde a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural da que forma parte a CIG Ensino esiximos o dereito ao acceso aos servizos públicos de calidade en igualdade de oportunidades e en calquera parte do territorio galego e esperamos que se materialice esta reunión á maior brevidade posible para pór coto a este desmantelamento ●







**P**or fin, o Día das Letras Galegas de 2020 vai ser dedicado a Carvalho Calero. Certamente, non é sen tempo, mais ben está que se repare a inxustiza. Após a revisión da súa copiosa bibliografía sobre a xénese, evolución histórica e situación actual da lingua galega, en que se inclúe a relación co portugués e a vía reintegracionista, un ten a sensación de que o eminente profesor xa nos deixou practicamente todo dito e que pouco se pode acrescentar ás súas suxestivas análises. Porén, nas décadas de 70 e 80 da anterior centuria, cando o pensamento lingüístico de Carvalho se decanta definitivamente pola aproximación entre galego e portugués, non se explicitara na Galiza ningunha proposta binormativista como a que hoxe propugna un sector importante do reintegracionismo. Tampouco Carvalho chegara a formular de maneira explícita unha saída dese tipo ao conflito normativo que se viviu neses anos.

O que nos deixou ben claro é que para el o galego só pode ter futuro de se manter unido ao tronco histórico común galego-portugués, idea que desenvolveu con grande eficacia argumentativa en traballos e artigos de prensa, onde sostíña que o galego, isolado das outras variantes do sistema propio e perante a presión do español, ficaría condenado ao progresivo esmorecemento e á contaminación progresiva por parte deste. En síntese, só vía dúas opcións: galego-portugués ou galego-castelán.

Van alá xa case 30 anos desde o pasamento de Carvalho e a descomposición interna do galego a nivel popular continuou, ao tempo que a perda de falantes se acelerou de forma dramática. É preciso, pois, algún tipo de intervención. Rodrigues Lapa recomendara substituír na escrita o galego polo portugués, pois este xa era para el o galego culto e literario. O reintegracionismo galego, con Carvalho como referente, adheriu no substancial a esa proposta, mais seguindo diferentes estratexias consistentes en intervencións graduais e menos traumáticas.

Todas as estratexias deben procurar a complementación máis do que a exclusión. A aposta na calidade lingüística desde o modelo maioritariamente vigorante é unha delas. O binormativismo é máis outra e ten como maior virtude que permite sumar todas elas en prol da sobrevivencia da lingua, pois lexitimaría socialmente tanto a norma hoxe dominante como a reintegracionista. En canto a primeira ten recoñecemento e apoio institucional, a segunda carece deles. A cuestión posta en foco agora, nomeadamente pola AGAL, é se esta última norma tamén debe gozar do status de oficialidade, a se converter así o galego en máis un exemplo de unha lingua con dúas normas legalmente aceptadas, cal acontece co noruegués ou co luxemburgués.

Se partirmos da situación de catástrofe demolingüística en que se acha o galego, do que se trata agora é de reagruparmos as forzas sobreviventes ao naufraxio demoscópico e de procurarmos as vías que consigan revitalizalo, como pretendía Carvalho. Son horas, pois, de sumarmos en positivo as dúas normas, unha vez que a longa confrontación e o dominio de unha delas non conseguiron o obxectivo da recuperación do idioma. De calquera maneira, a aplicación dunha política binormativista debe partir da vigorante lei Paz-Andrade e estar baseada nun amplo consenso. Sería, de certo, unha boa maneira de celebrarmos o tan agardado ano de Carvalho Calero e de honrarmos a súa memoria. ●

# CARVALHO CALERO e o BINORMATIVISMO



**Xosé Ramón  
 Freixeiro**

Catedrático de  
 Universidade de Filoloxías  
 galega e portuguesa (UDC)





# 9A 4M 2D



s tres números e as tres letras que encabezan este artigo non nos din nada, pero 9A 4M 2D é a consigna central nas grandes mobilizacións do ensino en Portugal desde hai dous anos. 9A 4M 2D resume as

perdas de tempo de servizo que teñen sufrido os profesores e profesoras por decisión adoptada entre 2005 e 2007, e posteriormente entre 2010 e 2017 polos gobernos socialdemócratas e de dereita, de conxelar o tempo de servizos a efectos de progresión na estrutura da carreira docente vixente en Portugal.

Son 9 anos, 4 meses e 2 días de traballo efectivo que non se lles teñen en conta, provocando que a maioría dos profesores e profesoras non vaian ter posibilidade de chegar ao nivel máis alto na estrutura da súa carreira docente, o coñecido como "10º escalão". A imposibilidade de chegar ao topo da carreira ten importantes consecuencias negativas a efectos salariais, dado que a progresión de escalão está vinculada a unha mellora salarial anual e tamén ten influencia a efectos de xubilación.

A decisión de conxelar o tempo de servizo foi adoptada en 2005 baixo o pretexto de unha reestruturación das carreiras na administración pública e da necesidade de proceder a axustes orzamentarios; posteriormente, en 2010, a conxelación veu ao asumir o goberno portugués as imposicións da tróica de acometer grandes recortes no gasto público, cando a economía portuguesa pasou a estar intervida directamente polo Fondo Monetario Internacional, a Comisión Europea e o Banco central Europeo.

A conxelación na progresión das carreiras afectou no seu momento ao resto de sectores da función pública, e fíxose coa promesa de que cando as condicións económicas mudaran os traballadores e traballadoras afectadas terían posibilidade de recuperar a totalidade do tempo non computado e os dereitos perdidos. A maioría dos sectores afectados están xa en proceso de recuperación; pero ao profesorado negóuselle desde o principio, e cando se iniciaron as mobilizacións o Ministerio de Educación daba largas, pasando despois a só querer contabilizar unha porcentaxe do tempo de servizo conxelado.

Xa houbera mobilizacións moi importantes cando a primeira conxelación, pero desde outubro de 2017 son múltiples e de xeito masivo baixo a consigna do 9A 4M 2D; con oito folgas, vixilias, concentracións, recollidas de sinaturas, acampadas, accións xudiciais e multitudinarias manifestacións en Lisboa, algunha con participación de máis de 100.000 docentes (en Portugal o número de docentes, sen contar os universitarios, anda arredor dos 148.000).

Tras case dous anos de mobilización constante, debates na Asemblea da República, onde o goberno non conta con maioría absoluta, e duras negociacións co Ministerio de Educación o profesorado ten conseguido recuperar 2 anos, 9 meses e 18 días; e ese éxito parcial fai que se manteña a tensión en esixencia do recoñecemento do tempo total.

Nesta protesta é fundamental o alto nivel de conciencia existente; se no conxunto da clase traballadora portuguesa hai aproximadamente un 15% de afiliación sindical, no caso do profesorado está nun 70% e desa porcentaxe o 50% está filiado á Federação Nacional dos Professores-FENPROF, organización moi combativa que lidera as protestas desde o inicio e foi quen de sumar ás mesmas a outros sindicatos con menor presenza, e nalgúns casos con lazos estreitos co partido

governante, na defensa dunha reivindicación sentida pola totalidade do profesorado. ●

Duarte Correa

Profesor de Historia no ensino secundario  
Analista político internacional



*na defensa dunha  
reivindicación sentida  
pola totalidade do  
profesorado*





**E**n sintonía co lema (*A escola pública esixe profesores cualificados e reconhecidos*) do Congreso da Federación Nacional dos Profesores (FENPROF), a maior federación sindical docente do país veciño, o representante da CIG-Ensino compartiu a preocupación polas políticas educativas de marcado corte neoliberal que se están aplicar na actualidade, así como pola posta en cuestión dos servizos públicos e polo desprestixio da profesión docente. Unha análise da situación compartida a ambos lados da raia e na que o papel das organizacións sindicais combativas, transformadoras e de clase é máis necesario ca nunca.

Na súa intervención durante o Simposio Internacional, Suso Bermello salientou aqueles aspectos partillados cos sindicatos e docentes portugueses, tanto no que ten a ver coas afrontas derivadas das políticas de recortes de dereitos públicos, como na defensa dun modelo sindical "partidario da unión de esforzos e loitas do profesorado co resto da clase traballadora e que se fundamente na democracia e na participación na orde interna e no contacto permanente cos centros de traballo e, polo tanto, co persoal docente".

Así mesmo, engadiu que os retos, "coas obvias diferenzas propias de cada unha das nosas realidades nacionais", son moi semellantes. "Os servizos públicos están continuamente en cuestión, a educación pública desprestixiada, o profesorado criticado e cualificado ás veces como privilexiado e outras como despreocupado, provocando campañas mediáticas dunha opinión pública dirixida descaradamente pola opinión publicada de quen en realidade manexa o poder no noso contexto."

#### RETOS COMÚNS

Entre eses retos comúns polos que traballa a CIG-Ensino en Galiza e os sindicatos integrantes da Fenprof, Bermello situou a redución das ratios, un horario lectivo razoábel onde o docente poida centrar o seu esforzo na preparación e na impartición das clases, unha carreira profesional digna e a recuperación dos dereitos roubados. Así mesmo, incidiu na necesidade de traballar en conxunto por unha escola "que atenda á diversidade, coeducadora e laica, democrática e participativa que forme unha cidadanía crítica e activa e que sexa capaz de se liberar da orientación marcadamente laboral na que se ten transformado un sistema adaptado ao mercado e á formación de operarios".

Tamén situou como loita común a introdución de mecanismos de control internos e externos do traballo do profesorado e do sistema público de ensino, en referencia á falta de democracia dos centros, ao control curricular ou ás continuas probas externas ás que se somete o alumnado.

Bermello fixo tamén referencia, por último, ao proceso que Galiza está a sufrir coa recentralización do Estado español, e cun goberno galego que nin sequera defende as poucas competencias educativas que posúe. Neste sentido, aludiu á loita da CIG-Ensino contra a actitude que mantén a Xunta ao respecto da nosa lingua, o galego, irmán do portugués, e que está sendo desterrado do ensino con especial incidencia nalgunhas etapas educativas e áreas do país, así como na defensa dunha lei educativa propia que respecte a nosa realidade, así como do profesorado e dos seus dereitos. ●

→ Suso Bermello acompañado de camaradas da lusofonía: de Mozambique a Cabo Verde, de Brasil a Portugal. O Seminario Internacional congregou 35 organizacións de 22 países.

No Congreso Nacional da FENPROF portuguesa

## A CIG-ENSINO DEFENDE UN ENSINO PÚBLICO CUN PROFESORADO RECOÑECIDO

O secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, participou en Lisboa no Simposio Internacional paralelo ao XIII Congreso Nacional dos Profesores da FENPROF, poñendo en valor o papel dos sindicatos en ter un profesorado organizado na loita pola mellora das nosas condicións laborais.

*tanto en Galiza como en Portugal o ensino público e o profesorado son cuestionados por quen realmente manexa o poder*







# CAMBIAR O FOCO



Como facer do teu centro de ensino un  
**CENTRO COEDUCATIVO ?**



## FAGAMOS CENTROS COEDUCATIVOS

Desde a CIG-Ensino sempre tivemos presente que un dos principais cometidos da educación é crear conciencia entre o alumnado dunha serie de aspectos cruciais para a mellora da nosa sociedade como é o caso da coeducación.


Neste curso lanzamos unha campaña para tratar de impulsar a conversión de todos os centros de ensino galegos en centros coeducativos. Partimos, para iso, do inquérito que elaboramos e levamos fisicamente a cada centro público no curso 2018-19. Nel podemos constatar que o traballo existente en materia de coeducación é realizado maioritariamente grazas ao profesorado voluntario sensibilizado con esta temática. Comprobamos que os centros nos que hai un Plan de Coeducación e persoas con designación horaria e formación para coordinalo son realmente anecdóticos xa que non chegan nin a un 20%.

A campaña dirixiuse ao profesorado cos obxectivos de:

1. Lembrar que, coa lexislación actual, debe constar a coeducación nos Plans de Acción Titorial e nos Plans de Convivencia.
2. Animar a elaborar un Plan de Igualdade que inclúa a diagnose do centro de maneira que sirva de base de traballo individualizado sobre a que soste os seus obxectivos.
3. Animar a ofertar, cando menos, algunha das materias optativas relacionadas coa coeducación e a igualdade de libre configuración autonómica: "Sociedade inclusiva" e "Igualdade de xénero" (1º e 2º da ESO) e "Coeducación para o Século XXI" (1º BACH), alén das posibles optativas de centro.
4. Ofrecer recursos didácticos que imos elaborando e que poidan servir de axuda á hora de encarar o traballo da coeducación como é o caso da guía *Claves para a elaboración dun plan de coeducación nun centro de ensino*.

Tamén facemos un chamamento á Administración, ante quen achegamos un escrito, para reivindicar un incremento de recursos económicos e humanos coa formación axeitada e o cumprimento con esta materia e o cumprimento da lexislación.

A CIG-Ensino quere ser partícipe do movemento transformador que está vivindo a nosa sociedade facendo a súa achega no proceso de implantación da coeducación. Somos conscientes de que a coeducación non deba ser unha materia optativa senón un elemento vertebrador de cada centro de ensino que sirva de base á sociedade do futuro ●



Fieis ao cometido de contribuir a un ensino libre de discriminacións, desde a CIG-Ensino editamos, como xa fixemos en cursos anteriores, dúas unidades didácticas tituladas *Dun plumazo* para prover ao profesorado de materiais formativos na tolerancia, liberdade e igualdade sexuais.

Esta é a nosa achega para paliar e denunciar o desleixo da Consellería de Educación, quen desoe as indicacións da *Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación lgtbiq+ en Galicia* que exhorta a incluír a diversidade como un contido do currículo escolar ●






Segue sendo unha necesidade na escola, por tantas razóns que non poderían ser debulladas neste escaso espazo. Un dos camiños cos que contamos para facelo é achegar ao alumnado libros nas que o elemento feminista está xa de por si incorporado, polo que propoño obras dunha elevada calidade literaria que ademais se poden empregar para abordar a coeducación nas diferentes etapas educativas.

# LER EN VIOLETA

## EDUCACIÓN INFANTIL

Para o público de educación infantil, un álbum imprescindible é *Titiritesa* (2007) de Xerardo Quintiá, ilustrado por Maurizio A. Quarello (OQO). Un conto de fadas de estrutura máis ou menos tradicional, que ocorre no afastado reino de Trasantonte nun contexto atemporal, e no que a princesa Wendolina se resiste a seguir o camiño marcado polos pais: herdar o reino e dar continuidade á dinastía. Especialmente porque a ela lle atraen máis as princesas ca os príncipes e porque do que gusta é de coñecer mundo. A capacidade para elixir o propio camiño, inda enfrontándose a quen unha quere, a ruptura dos condicionalismos e a introdución de identidades sexuais non normativas forman parte da esencia dunha obra que se torna imprescindible para traballar a mirada do mundo con ollos feministas. Anoten, tamén, para estas idades, *Maruxa* de Eva Mejuto e Mafalda Milhões (OQO), porque as mulleres tamén nos rebelamos e sacamos o noso lado retranqueiro cando o traballo doméstico só cae do noso lado.




## EDUCACIÓN PRIMARIA

Para os primeiros cursos de Educación Primaria, unha efectiva e sinxela opción é *Vermella* (2018) de Sabela Losada e ilustrado por Minia Regos (Baía), unha trama moi lineal e simple (que non simplista), con formato de investigación, no que dous irmáns procuran por que apareceron no chan da casa unhas pingas de sangue. A visibilización e a normalización de algo tan natural como é a menstruación, así como unhas imaxes que impactan e que convidan á curiosidade son dous dos valores principais deste álbum. Para lectorado máis formado, unha opción moi diferente, pero tamén estremadamente interesante é *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* (2018) de Iria Misa, ilustrado por Alba Barreiro (Xerais), unha abordaxe da transexualidade na infancia a partir de Aine, que non se sente confortable no seu corpo e que brinda unha oportunidade ao lectorado de acompañala nesa transición (porque as novelas trans chegaron para quedar!). Polo medio, a figura de David Bowie como icona a quen imitar e a música como arma para procurar quen se é. Ademais, claro, de visibilizar as subxectividadeas en transición tamén na infancia.



## ESO E BACHARELATO

*A cabeza de Medusa* (2008) de Marilar Aleixandre (Xerais), segue a ser unha escolla fundamental para estas etapas. Partindo dunha trama máis ou menos clásica de novela de instituto: dúas rapazas acoden a unha festa de instituto, logo da cal serán violadas (non penses que lles fago spoiler, senón que a partir deste suceso a novela comeza a se desenvolver realmente), a autora é quen de documentar, como o corpo das mulleres foi entendido como un espazo "público" polas sociedades patriarcales dende a actualidade clásica aos nosos días. Alén disto, o foco ponse non só nas protagonistas, senón no seu círculo: dende o espazo máis íntimo -a familia- ao máis social, as amigas e os coñecidos do instituto, dos que saberemos como van reaccionando ao episodio de violencia vivido polas mozas. Por abrir o debate sobre unha cuestión que desgraciadamente segue viva hoxano, por traer a ciencia á literatura, por amosar que un suceso se pode enfocar dende moitas perspectivas, esta é unha magnífica obra para analizar como se seguen a producir situacións de vexación que non poden senón lembrarnos ao que xa denunciaba Rosalía de Castro en "A xustiza pola man". E para mozos que procuran masculinidades alternativas *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa* (2018) de Antonio M. Fraga, ilustrado por Víctor Rivas (Urco), é unha opción ben gorentosa. A construción dunha mitoloxía propia, a ciencia e esa potencia dun protagonista sen temor a atoparse coas propias emocións son algúns dos seus puntais. Imprescindible ●



Montse Pena Presas

Profesora de Didáctica de Lingua e Literatura, Universidade de Santiago de Compostela





*nas pesqueiras e  
conserveriras sempre  
houbo grande  
presenza feminina  
invisibilizada e en  
situación de  
precariedade*

**N**o IES Ricardo Mella de Vigo desenvolvemos este curso o proxecto "A IGUALDADE SABE A SAL" no que se procurou visibilizar e poñer en valor o traballo e as achegas das mulleres ao mundo do mar, sobre todo nunha cidade que lle debe en grande parte o seu desenvolvemento industrial aos sectores pesqueiro e conserveiro, nos que desde sempre houbo unha grande presenza de man de obra feminina invisibilizada e en situación de precariedade, como segue ocorrendo na actualidade con colectivos como as mariscadoras, redeiras, operarias de conserveiras, etc...

Ao longo de todo o curso escolar leváronse a cabo moitas actividades para todo o centro educativo, así coma tamén dentro da aula, e desenvolvéronse outras compartidas co IES CARLOS CASARES e co IES POLITÉCNICO, co obxectivo de ir tecendo unha rede de centros igualitarios. Tamén se fixeron talleres de coeducación para o alumnado dos centros de primaria adscritos o noso IES e colaborouse con FUNDAMAR e coa Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos, Oceanográfico de Vigo, Asociación de redeiras "O Cerco" de Cangas, AMNUPESCA, Asociación de mariñeiros de Bouzas...

Unha vez creado o grupo de profesorado impulsor do proxecto convocamos o OBSERVATORIO DE IGUALDADE do centro no mes de outubro para que fixeran as súas achegas para facelo aberto e participado por toda a comunidade educativa. As actividades desenvolvidas ó longo do curso distribuíronse do seguinte xeito:

#### 1º TRIMESTRE

- ATRAPADAS NA REDE (para conmemorar o 25 de novembro)
- Decorouse o vestíbulo do centro cunha rede con peixes pendurados que levaban os nomes das mulleres e crianzas asasinadas pola violencia de xénero, colocouse nunha das columnas un violentómetro con termos mariñeiros (ademais de en tódalas aulas) e púxose tamén a "Esqueira de violencia de Pepe e Pepa" de Carmen Ruíz Repullo,
- "Eu non PICO", o alumnado escribiu nunhas soletas de peixes mensaxes de por que non caerían na violencia de xénero. Con todos os peixiños fíxose unha peixeira no vestíbulo, na cal tamén estaba o peixiño da Anpa e o do IES CARLOS CASARES.
- "Hoxe son eu, mañá podes ser ti", actividade proposta polo alumnado do Observatorio que consistía nun taller de maquillaxe amosando o rostro con golpes.

- Gravouse un vídeo con lecturas dos artigos da Lei galega contra a violencia de xénero en conxunto co IES CARLOS CASARES e co IES POLITÉCNICO e proxectouse no vestíbulo.
- Solicitouse do programa Director unha Charla sobre violencia de xénero que impartiu unha axente da policía nacional.
- Púxose un libro de condolencias para que calquera persoa expresara alí o seu sentir.
- No pavillón do centro durante o recreo fíxose unha "OLA" de repulsa á violencia de xénero.
- MAREXADA DE DEREITOS: Para traballar o día dos Dereitos Humanos preparáronse nos corredores murais con artigos de prensa que reflecten a vulneración dos dereitos con perspectiva de xénero.







# A IGUALDADE SABE A SAL

Unha experiencia educativa no IES Ricardo Mella, por Maica Rivas

## 2º TRIMESTRE

- **UN MAR DE PAZ:** Tráballouse o día da paz facendo reflexionar ó alumnado que a paz empeza no contorno máis próximo: na familia, na parella... para o que se fixo un mar de botellas con mensaxes de paz, das que logo se leron algunhas o día 30 de xaneiro.
- **INTRÉPIDAS:** Para conmemorar o día da nena e a ciencia organizáronse dous faladoiros cunha enxeñeira e unha científica do oceanográfico de Vigo.
- **MOTÍN A VALENTÍN:** A idea é ir desmitificando o amor romántico... para iso decoramos o vestíbulo con corazóns nos que había mensaxes como "Corazón con razón", "Non me queiras tanto, quéreme mellor".
- **FONDEANDO NA IGUALDADE** (na semana do 8 de marzo):
  - Decorouse o vestíbulo cun faro e cunha exposición feita polo noso centro.
  - Asistencia á concentración do 8 de marzo.
  - Propuxemos obradoiros de coeducación no recreo para que a xuventude remara xunta.
- **FUNDAMAR** deu uns obradoiros para amosar que o mar é futuro e ten posibilidades.
- **MESA REDONDA** con mulleres do mar: unha científica, unha redeira, unha mariscadora e a directora do IES Marítimo Pesqueiro.
- Inaugurouse a exposición *Seguindo ás estrelas*. Coa colaboración de diferentes departamentos organizamos unha mostra de constelacións de mulleres de diferentes ámbitos (artes, literatura e pensamento, científicas, sanitarias, empresarias, xuristas, tecnólogas, deportistas e, como non, mulleres do mar) que estivo no vestíbulo do centro e coa que se traballou nas titorías da ESO e FP básica, fundamentalmente. A xente do mar sempre se guiou polas estrelas e, con estas constelacións de mulleres, pretendiamos darlle o "brillo" e o recoñecemento que no seu momento non tiveron e tamén que nos serviran de "guías" ou referentes. A exposición remata cun "photocall" para facerse fotos as rapazas e chámase as "SUPERNOVAS", cunha mensaxe de **MAÑÁN PODES SER TI...** para fomentar nas alumnas que o día de mañá poden ser elas as estrelas. Esta exposición pasou tamén polo IES CARLOS CA-SARES e o IES POLITÉCNICO.

## 3º TRIMESTRE

- **CADERNO DE BITÁCORA:** Para o día do libro compráronse varios exemplares de *INVISIBLES* de Montse Fajardo e celebrouse un debate-coloquio coa autora.
- **LETRAS DO MAR:** En colaboración co departamento de normalización lingüística propuxéronse dúas actividades:
  - 1º) Pasapalabra de termos mariñeiros nos que se incluíron oficios de mulleres do mar.
  - 2º) Unha lectura corrida por parte do alumnado do centro do libro de Xurxo Souto, "A gran travesía de Chiruca Macallás" que trata dunha muller capitana que vai ó Gran Sol.
- **NAVEGANDO NA DIVERSIDADE:** Para conmemorar o día contra a LGTBI fobia organizáronse as seguintes actividades:
  1. Decoración do vestíbulo e colocación dun panel deseñado polo alumnado do grupo de igualdade no cal se fixo un intercambio de chapas a cambio dunha frase contra a LGTBI fobia.
  2. Solicitamos á Deputación de Pontevedra a exposición Sorrisos Trans-formadores da Asociación Arelas e veu a súa presidenta a dar unha charla sobre o colectivo TRANS.
  3. Decorouse a fachada do centro cun cartaz de mensaxes de tolerancia e respecto ●



# Programa de FORMACIÓN

Curso 2019-2020



[www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal) e [cig-ensino.gal](http://cig-ensino.gal), apartado de formación

## CURSOS PRESENCIAIS

Paseos pedagóxicos Vigo.

	LUGAR	DATAS
Paseos pedagóxicos Vigo.	Vigo	9, 11, 14 e 16, 18, 20 e 21 de setembro
<b>XXXI Semana de educación de Pontevedra.</b>	Pontevedra	Do 23 ao 27 de setembro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino.	A Coruña	28 de setembro
<b>Programacións didácticas para Secundaria.</b>	Ourense	28 de setembro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Ourense	28 de setembro
<b>Programacións didácticas para Secundaria.</b>	Vigo	5 de outubro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino.	Vigo	5 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Ferrol	5 de outubro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino.	Ourense	17 e 18 de outubro
<b>Programacións didácticas para Secundaria.</b>	A Coruña	19 de outubro
<b>Programacións didácticas para Secundaria.</b>	Lugo	19 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	A Coruña	19 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Vigo	19 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Lugo	19 de outubro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino.	Lugo	19 de outubro
<b>Programacións didácticas para F.P. Santiago</b>	Santiago	26 de outubro
<b>Programacións didácticas para Primaria.</b>	Pontevedra	26 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Santiago	26 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria.	Pontevedra	26 de outubro
<b>Comentario filolóxico, lingüístico e literario.</b>	Santiago	26 de outubro
<b>XORNADAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.</b>	A Coruña	23 de novembro
<b>XORNADAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.</b>	Santiago	25 xaneiro
<b>XVII XORNADAS DAS MULLERES.</b>	Santiago	7 de marzo
<b>XXIII XORNADAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.</b>	Santiago	28 de marzo
<b>XXVIII XORNADAS DE LINGUA E LITERATURA.</b>	Santiago	25 de abril

## CURSOS A DISTANCIA 2019-20

	DATAS
Portugués avanzado para docentes	Do 1 ao 21 de outubro
Aproximación á acción educativa española no exterior. Unha oportunidade laboral de traballo docente no estranxeiro.	Do 1 de outubro ao 14 de novembro
A construción da sexualidade: retos da era dixital.	Do 24 de outubro ao 13 de novembro
As grandes descoñecidas galegas na historia mundial. Pepa Noia, Mercedes Núñez, Sofía Casanova e María Araújo.	Do 24 de outubro ao 13 de novembro
A banda desenhada nas nosas aulas.	Do 15 de novembro ao 10 de decembro
Materiais didácticos interactivos II.	Do 15 de novembro ao 10 de decembro
Destrezas sociais como ferramenta para o desempeño do labor docente.	Do 9 ao 29 de xaneiro
O xogo de fuga na aula (Escape room).	Do 9 ao 29 de xaneiro
Coeducación na aula. A chave da igualdade.	31 de xaneiro ao 20 de febreiro
Traballando as matemáticas con software estatístico libre nas aulas: RCommander	31 de xaneiro ao 20 de febreiro
Vídeo produción e vídeo interactivo en educación.	Do 28 de febreiro ao 20 marzo
Ricardo Carvalho Calero. Día das Letras Galegas, 2020.	Do 28 de febreiro ao 20 marzo
Historia de Galicia, unha revisión necesaria.	Do 24 de marzo ao 17 de abril
A lectura dramatizada como recurso didáctico.	Do 24 de marzo ao 17 de abril
Recursos prácticos para desenvolver a acción tutorial.	21 de abril a 12 de maio
O tratamento integrado das linguas (TIL) desde unha perspectiva comunicativa e normalizadora.	21 de abril a 12 de maio